

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8173 *Real decreto 597/2015, do 3 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.*

A Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en diante Fonprode), culminou a reforma do Fondo de Axuda ao Desenvolvemento e dotou a cooperación española dun poderoso instrumento para o fomento da cooperación ao desenvolvemento e a actividade española neste ámbito.

Durante os primeiros anos de vida do Fonprode, a súa actividade viuse afectada por diversas continxencias que dificultaron a súa xestión e que aconsellaron proceder á revisión do seu funcionamento e do seu marco normativo.

Este proceso culminou coa modificación da Lei 36/2010, do 22 de outubro, realizada pola disposición derradeira segunda da Lei 8/2014, do 22 de abril, sobre cobertura por conta do Estado dos riscos da internacionalización da economía española, que reforza o seu articulado, principalmente na definición das operacións financiáveis con cargo ao fondo, nos actores responsables da súa xestión e na repartición de tarefas no mantemento deste. Coa dita reforma dótase o Fonprode dunha maior seguridade xurídica ao definir clara e taxativamente os tipos de operacións financiáveis e os requisitos de cada unha delas, o que redundará na mellora do seu funcionamento e da súa xestión. Agárdase que neste proceso os futuros plans directores fixen os limiares de referencia –máximo e mínimo– orientativos para a cooperación reembolsable con cargo ao Fonprode e recollan o período temporal a que alude ese documento de planificación.

A nova redacción da Lei 36/2010, do 22 de outubro, comporta a necesidade de elaborar un novo regulamento para o Fonprode que desenvolva e articule o previsto polo lexislador. Adicionalmente, baseándose na experiencia adquirida, o presente regulamento mellora o sistema de xestión e coordinación do Fonprode, incorpora avances recentes no campo da cooperación financeira reembolsable e actualiza o texto coas últimas modificacións normativas relativas á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (en diante AECID) e do seu estatuto. Deste xeito, actualízase o estatus e as responsabilidades da Oficina do Fonprode, determinados aspectos relacionados co funcionamento do Comité Executivo do Fonprode e a coordinación e a cooperación reforzada entre as institucións relacionadas coas operacións.

Finalmente, o regulamento integra o previsto polo Código de financiamento responsable redactado ao abeiro do artigo 11.2.a) do anterior Regulamento do Fonprode, aprobado polo Real decreto 845/2011, do 17 de xuño, e aprobado polo Comité Executivo do Fonprode o 19 de xullo de 2011. Este código fortalece os labores de programación e planificación do Fonprode, establece unha programación anual de operacións elixibles e consolida as obrigas de seguimento, control e rendición de contas da actividade do Fonprode fronte á sociedade civil, ás Cortes Xerais e ao ámbito internacional.

O regulamento que se aproba mediante o presente real decreto componse de 23 artigos estruturados en 5 capítulos:

- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Capítulo II. Actuacións financiáveis con cargo ao Fonprode.
- Capítulo III. Órganos de xestión do Fonprode.
- Capítulo IV. Procedementos de xestión das operacións do Fonprode.
- Capítulo V. Funcións do Consello de Cooperación, Comunicación e Publicidade.

O capítulo I recolle as disposicións xerais do Fonprode, o regulamento, o seu ámbito de actuación e os principios de actuación que guiarán a actividade do Fonprode.

O capítulo II completa o marco xurídico aplicable ás operacións que se poderán financiar con cargo ao Fonprode a partir do establecido na Lei 36/2010, do 22 de outubro.

O capítulo III define os órganos de xestión do Fonprode: a Oficina do Fonprode, o Comité Executivo e o Instituto de Crédito Oficial. Estes órganos de xestión fortalecerán as súas capacidades técnicas e institucionais co obxecto de que poidan exercer o seu labor directivo na xestión do Fonprode, aproveitando todas as potencialidades que o instrumento ten para o obxectivo da loita contra a pobreza e a promoción do desenvolvemento. Inclúese igualmente unha previsión de encomendas a medios propios da Administración xeral do Estado e dáse entrada á Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento (en diante, Cofides) como entidade de apoio.

O capítulo IV regula o procedemento para a xestión das operacións, desde a identificación e a valoración, pasando pola súa formalización e o seu seguimento. Prevese, neste ámbito, a colaboración e coordinación cunha rede ampla de expertos e actores no exterior.

O capítulo V está dedicado á función do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento respecto ao Fonprode, así como á comunicación e publicidade da actividade do Fonprode. Sobre este real decreto emitiu informe o Consello de Cooperación ao Desenvolvemento. O fundamento legal deste real decreto está nas habilitacións para o desenvolvemento regulamentario contidas nos artigos 2, 4, 8, 9 e a disposición adicional primeira e derradeira quinta da Lei 36/2010, do 22 de outubro, que habilita o Goberno para aprobar o desenvolvemento regulamentario do Fonprode.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do ministro de Economía e Competitividade, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.*

Apróbase o Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición adicional primeira. *Modificación do Código de financiamento responsable da cooperación española.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor do presente real decreto, a Oficina do Fonprode elevará ao Comité Executivo do Fonprode para a súa aprobación unha proposta de modificación do Código de financiamento responsable da cooperación española para adaptalo ao recollido no regulamento aprobado polo presente real decreto.

Disposición adicional segunda. *Procedemento operativo de identificación de operacións.*

No prazo de doce meses desde a entrada en vigor do presente real decreto, a Oficina do Fonprode establecerá un procedemento operativo para a identificación de operacións que desenvolverá as tarefas concretas que se van executar e os informes que se emitirán durante a fase de identificación. Este procedemento será presentado ao Comité Executivo para a súa aprobación, identificando as unidades involucradas no proceso. Este procedemento considerará a participación da entidade de apoio recollida no artigo 4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, e doutras unidades da AECID, así como dos órganos e das institucións relacionadas co procedemento de autorización das operacións.

Disposición adicional terceira. *Plan inicial de avaliacións.*

Nun prazo non inferior a doce meses nin superior a vinte e catro desde a entrada en vigor do presente regulamento, a Oficina do Fonprode e a Secretaría Xeral de Cooperación

Internacional para o Desenvolvemento definirán, conxuntamente, o primeiro plan de avaliacións bienal regulado no artigo 21 do regulamento aprobado polo presente real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación deste real decreto non suporá incremento do gasto público nin aumento neto dos gastos de persoal.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 845/2011, do 17 de xuño, polo que se aproba o Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A competencia para a aprobación desta norma baséase no artigo 149.1.3.^a da Constitución, polo cal lle corresponde ao Estado a competencia exclusiva sobre «relacións internacionais».

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase o titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e o titular do Ministerio de Economía e Competitividade para que, conxuntamente, e logo de cumprir os trámites oportunos, diten cantas normas e medidas sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do previsto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de xullo de 2015

FELIPE R.

Vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

REGULAMENTO DO FONDO PARA A PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO

CAPÍTULO I

Disposicións xeraisArtigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste regulamento é completar e concretar o marco xurídico establecido na Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en diante, Fonprode), que debe guiar as actuacións relacionadas con el, así como regular o conxunto de accións encamiñadas ao desenvolvemento do Fonprode, como instrumento de cooperación ao desenvolvemento, e a súa finalidade é a erradicación da pobreza, a redución das desigualdades e inequidades sociais entre persoas e comunidades, a igualdade de xénero, a defensa dos dereitos humanos e a promoción do desenvolvemento humano e sustentable nos países empobrecidos.

Artigo 2. *Principios de actuación.*

1. O Fonprode actuará de acordo cos principios de actuación previstos no artigo 3 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, que pola súa vez remite á Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, aos plans directores da cooperación española e demais documentos de planificación da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento, que se poden resumir nos seguintes:

- a) O recoñecemento do ser humano na súa dimensión individual e colectiva, como protagonista e destinatario último da política de cooperación para o desenvolvemento.
- b) A defensa e promoción dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, a paz, a democracia e a participación cidadá en condicións de igualdade para mulleres e homes e, en xeral, a non discriminación por razón de sexo, raza, nacionalidade, discapacidade, cultura ou relixión, e o respecto á diversidade.
- c) A necesidade de promover un desenvolvemento humano global, interdependente, participativo, sustentable e con equidade de xénero en todas as nacións, procurando a aplicación do principio de corresponsabilidade entre os Estados de cara a asegurar e potenciar a eficacia e coherencia das políticas de cooperación ao desenvolvemento no seu obxectivo de erradicar a pobreza no mundo.
- d) A promoción dun crecemento económico duradeiro e sustentable dos países acompañada de medidas que promovan unha redistribución equitativa da riqueza para favorecer a mellora das condicións de vida e o acceso aos servizos sanitarios, educativos e culturais, así como ao benestar das súas poboacións.
- e) O respecto aos compromisos adoptados no seo dos organismos internacionais.

2. Así mesmo, deberá cumprir cos principios e coas normas adoptados polo Código de financiamento responsable da cooperación española, onde se establecen os principios xerais que debe cumprir cada operación, así como as convencións e estándares que necesariamente deberán ser considerados en cada unha delas.

3. Ademais do establecido no parágrafo anterior, a xestión das operacións de carácter reembolsable financiadas con cargo ao Fonprode deberase apoiar na utilización dunha metodoloxía de xestión orientada a resultados de desenvolvemento.

4. Do conxunto de operacións financiadas con cargo ao Fonprode recollidas no artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, aquelas de carácter non reembolsable dirixiranse prioritariamente a países encadrados na categoría de países menos desenvolvidos e outros países de baixos ingresos do Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE).

5. O financiamento de operacións con cargo ao Fonprode farase sempre con carácter desligado e buscando a maximización do impacto en desenvolvemento.

CAPÍTULO II

Actuacións financiábles con cargo ao FonprodeArtigo 3. *Operacións financiábles.*

1. Poderanse financiar con cargo ao Fonprode, con carácter non ligado, as operacións recollidas no artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, que se relacionan a seguir:

a) Doazóns a Estados, administracións públicas rexionais ou locais e outras entidades de carácter público para proxectos, programas, estratexias e modalidades de axuda programática.

b) Doazóns a organismos multilaterais de desenvolvemento non financeiros, incluídos programas e fondos fiduciarios de desenvolvemento nos ditos organismos.

c) Doazóns para asistencias técnicas, estudos de viabilidade de proxectos e avaliacións *ex ante* e *ex post* de proxectos ou programas, así como da execución anual do fondo en termos de garantir a súa sustentabilidade financeira, económica, social e ambiental, valorando a súa contribución aos obxectivos de desenvolvemento e promoción dos dereitos humanos.

d) Doazóns a fondos fiduciarios en institucións financeiras internacionais de desenvolvemento ou doazóns a fondos multidoadores xestionados ou administrados por institucións financeiras internacionais.

e) Préstamos ou créditos e liñas de crédito en termos de concesión a Estados para o financiamento de proxectos de desenvolvemento, sempre que acheguen a correspondente garantía soberana.

As administracións públicas rexionais ou locais e outras entidades de carácter público poderán ser beneficiarias das operacións recollidas neste punto con carácter excepcional e sempre que contén coa non obxección do ministerio responsable do endebedamento do país.

f) Adquisicións temporais de accións ou participacións directas de capital ou *cuasi* capital en institucións de investimento colectivo ou outras entidades de dereito público constituídas no país de destino do financiamento.

g) Préstamos, créditos ou liñas de crédito a entidades financeiras locais para a concesión de microcréditos ou outros servizos microfinanceiros ou para a concesión de préstamos, créditos, liñas de crédito ou outros servizos financeiros a empresas pequenas ou medianas ou a institucións microfinanceiras. Excepcionalmente poderanse adquirir tamén títulos de débeda emitidos por sociedades de propósito específico, cando este sexa a concesión de microcréditos, outros servizos microfinanceiros ou servizos financeiros de apoio a entidades microfinanceiras.

h) Adquisicións temporais de accións ou participacións directas ou indirectas de capital ou *cuasi* capital en entidades de dereito privado, xa sexan institucións privadas de investimento colectivo, entidades privadas de capital risco ou, de ser o caso, sociedades de propósito específico para investimentos de apoio ao tecido económico ou de apoio á micro, pequena e mediana empresa.

2. Os fondos previstos nas operacións recollidas no punto 1.d) deberanse orientar de maneira prioritaria a países especialmente necesitados, como poden ser os países cualificados como menos adiantados polo Sistema das Nacións Unidas ou países en situación de posconflicto. En calquera caso, os fondos deberanse destinar aos países e sectores definidos como prioritarios polo Plan director da cooperación española.

3. Ademais das restricións mencionadas no citado artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, no caso dos países pertencentes á iniciativa de alivio da débeda para os países pobres moi endebedados do Fondo Monetario Internacional (FMI) e o Banco Mundial (BM), HIPC nas súas siglas en inglés, só se poderán conceder os créditos, préstamos e liñas de crédito recollidos no punto 1.e) aos Estados e ao sector público daqueles países que, no momento en que se elabore a análise de risco e de impacto sobre a sustentabilidade

da débeda previsto no artigo 15, superasen o punto de culminación da iniciativa HIPC e a última análise de sustentabilidade da débeda efectuada para ese país polo FMI e o BM nese momento indique que a súa situación, respecto á posibilidade de que se produza o impagamento da súa débeda externa, non é de risco alto ou moi alto.

4. No caso de operacións con administracións públicas rexionais ou locais e outras entidades de carácter público recollidas no punto 1.e), estas deberán operar nalgún dos sectores prioritarios de entre os previstos nas estratexias de desenvolvemento dos países beneficiarios e asegurar a coordinación das accións entre os distintos niveis administrativos. Estas operacións deberán contar cun informe detallado dun experto independente cunha análise do risco e do impacto sobre a sustentabilidade da débeda no país receptor e na Administración ou entidade pública correspondente, xunto coas condicións financeiras e a definición das garantías oportunas. Este informe incluirá unha valoración técnica que conteña unha proposta ao Comité Executivo do Fonprode sobre se procede asumir o risco de crédito correspondente, tendo en conta as garantías definidas e a concentración de riscos no país ou na carteira do fondo.

5. As operacións recollidas no punto 1.f) só se poderán autorizar cando estas se encontren aliñadas coas prioridades de desenvolvemento nacionais ou, se é o caso, rexionais, e sempre que exista unha solicitude formal por parte da institución ou entidade de destino.

6. As operacións de adquisición de títulos de débeda recollidas no punto 1.g) só se poderán autorizar cando o informe elaborado por un experto independente considere que a operación non supón unha suplantación do papel do sector privado no financiamento das sociedades referidas. Para os efectos destas operacións, entenderase por entidades financeiras locais aquelas que estean legalmente domiciliadas nos países beneficiarios.

7. En relación coas operacións recollidas no punto 1.h), entenderase que entre as entidades de dereito privado recollidas nese artigo se recollen, sen carácter limitativo:

- a) Institucións privadas de investimento colectivo,
- b) Entidades privadas de capital risco,
- c) Sociedades de propósito específico,
- d) Institucións dedicadas á concesión de microcréditos ou outros servizos microfinanceiros, á concesión de préstamos, créditos, liñas de crédito ou outros servizos financeiros a empresas pequenas ou medianas ou a institucións microfinanceiras.

Respecto da elección das institucións financeiras e entidades de dereito privado, deberase ter en conta que estas contén, entre os potenciais destinatarios dos seus investimentos, con proxectos ou empresas en países ou áreas xeográficas incluídos nas prioridades xeográficas, así como o seu encadramento nas orientacións estratéxicas e liñas de actuación establecidas nos correspondentes documentos de planificación da cooperación española. Nestes casos, as condicións financeiras axustaranse ao establecido nos artigos 14 e 15.

Artigo 4. *Gastos de xestión.*

1. Os gastos derivados das asistencias previstas no artigo 5 terán a consideración de gastos necesarios para a xestión do fondo, para efectos do establecido no artigo 2.4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

2. Así mesmo, en relación co artigo 4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, a compensación á Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento (en diante Cofides), polos gastos en que incorra no desenvolvemento e na execución das funcións que lle encomenda o presente regulamento, terá a consideración de gasto necesario para a xestión do fondo, de acordo co citado artigo 2.4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

3. Para os efectos de que a Cofides poida desenvolver de maneira eficiente as funcións establecidas nos artigos 5, 8 e as demais legalmente previstas e co fin de que se lle compense e retribúa economicamente polas actividades asociadas a esas funcións, os titulares do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e do Ministerio de Economía

e Competitividade establecerán os oportunos mecanismos de remuneración vinculados a esas actividades.

4. A remuneración establecida preverá, entre outros aspectos, os recursos destinados a desenvolver estas actividades e os criterios de eficiencia no seu desenvolvemento, en función das fases de desenvolvemento das distintas operacións financiadas polo Fonprode e do seu resultado.

CAPÍTULO III

Órganos de xestión do Fonprode

Artigo 5. *Xestión do Fonprode.*

1. A xestión do Fonprode realizarase de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

2. O máximo órgano responsable da xestión do Fonprode é o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, que exerce esta responsabilidade a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica (en diante SECIP), e a AECID, órgano a que se adscribe a Oficina do Fonprode e o Comité Executivo do Fonprode.

3. Ademais dos órganos anteriores, a xestión do fondo será apoiada polo Instituto de Crédito Oficial (en diante ICO), en calidade de axente financeiro do Fonprode, e pola Cofides nos termos que establecen os artigos 4 e 5 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, e este regulamento.

4. Tal e como establece o artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, para a coordinación co Ministerio de Economía e Competitividade e con outros departamentos ministeriais con competencias relacionadas coa actividade do Fonprode dentro da Administración xeral do Estado, utilizarase a Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.

5. Os órganos responsables da xestión do Fonprode poderán solicitar asistencia técnica de entidades de apoio e expertos externos independentes para a xestión do Fonprode no caso de que a Cofides manifeste de forma expresa a súa imposibilidade para desenvolver os labores que se soliciten. A consideración de experto independente será para os efectos do disposto no artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

Artigo 6. *A Oficina do Fonprode.*

1. A Oficina do Fonprode encádrase na estrutura da AECID segundo se regula no artigo 17.5 do seu estatuto, aprobado mediante o Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro.

2. Corresponden á Oficina do Fonprode as seguintes funcións:

a) Planificar, identificar e negociar as operacións susceptibles de recibir financiamento do Fonprode de acordo cos criterios establecidos na Lei 36/2010, do 22 de outubro. Cando a identificación implique institucións financeiras internacionais, esta levarase a cabo conxuntamente coa Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional do Ministerio de Economía e Competitividade. Para maximizar o impacto no desenvolvemento, a negociación destas operacións levarase a cabo tendo en conta a coherencia coa estratexia de España na institución correspondente.

b) Proporlle ao Comité Executivo do Fonprode para a súa aprobación as modificacións ou actualizacións do Código de financiamento responsable e da metodoloxía de xestión para resultados de desenvolvemento da cooperación financeira reembolsable.

c) Coordinar e preparar a programación operativa anual e o catálogo recollido no artigo 6 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, en coherencia cos documentos de planificación da cooperación española.

d) Realizar e, de ser o caso, solicitar as análises, os estudos e as valoracións a que se refiren os artigos 12 (valoración previa de impacto en desenvolvemento) e 14 (condicións financeiras).

- e) Solicitar os informes preceptivos recollidos nos artigos 13 e 15.
- f) Solicitar as valoracións previstas no artigo 15.2.
- g) Presentar as propostas de financiamento con cargo ao Fonprode para o seu estudo por parte do Comité Executivo do Fonprode. As propostas relativas ás operacións recollidas no artigo 3.1.d) elevaranas de forma conxunta o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e o Ministerio de Economía e Competitividade. Así mesmo, solicitarlle ao Comité a manifestación de interese en futuras propostas co obxecto de impulsar a súa definición e, especialmente, cando o seu obxectivo sexa participar en cofinanciamento con outra entidade.
- h) Facilitarlle ao ICO as instrucións precisas para elaborar e formalizar os convenios e demais documentación legal para subscribir cos beneficiarios a que se refire o artigo 17.
- i) Preparar os acordos que se subscribirán con entidades internacionais a que fan referencia o artigo 3.1.b), en coordinación coas representacións permanentes ou embaixadas de España ante as distintas institucións; e o 3.1.d), a través do gobernador o gobernadora por España ante as institucións financeiras internacionais.
- j) Elaborar, en coordinación co ICO, calquera acordo non financeiro distinto dos previstos nas alíneas h) e i) do presente punto en que se regule o destino de financiamento do Fonprode.
- k) Levar a cabo o seguimento do Fonprode, conforme o establecido no artigo 20.
- l) Facilitarlle á Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a información necesaria para realizar a avaliación nos termos establecidos no artigo 21.
- m) Facilitarlle á Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a información necesaria para cubrir as necesidades de información cuantitativa ou cualitativa, xurdidas dos requirimentos nacionais ou internacionais, como poden ser o informe ao CAD ou outros compromisos subscritos para a mellora da transparencia como o informe á Iniciativa Internacional para a Transparencia da Axuda (IATI, nas súas siglas en inglés).
- n) Elaborar, conxuntamente coa Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, o informe anual que o Goberno deberá remitir ao Congreso e ao Senado, ao cal se refire o artigo 12 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.
- o) Calquera outra función relacionada co Fonprode, sen prexuízo das competencias que poidan corresponder a outros órganos ou departamentos ministeriais.

Artigo 7. O Comité Executivo do Fonprode.

1. O Comité Executivo do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (en diante Comité Executivo) é un órgano adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica.
2. Son funcións do Comité Executivo as seguintes:
 - a) Aprobar a metodoloxía de xestión para resultados de desenvolvemento e o Código de financiamento responsable, así como as súas futuras modificacións.
 - b) Estudar e valorar as propostas de financiamento con cargo ao Fonprode que lle sexan presentadas pola Oficina do Fonprode, así como a súa modificación ou cancelación posterior. Igualmente, manifestar interese en futuras propostas a pedimento da Oficina do Fonprode, co obxecto de impulsar a súa definición e, especialmente, cando o seu obxectivo sexa participar en cofinanciamento con outra entidade.
 - c) Decidir a elevación das propostas de financiamento das operacións, de acordo coa normativa vixente do fondo.
 - d) Estudar e valorar a programación operativa do Fonprode a que se refire o artigo 8.3 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.
 - e) Analizar as distintas avaliacións e ditames sobre a actuación do Fonprode que emitan os correspondentes órganos consultivos e de control da cooperación española, así como os resultados das avaliacións realizadas en virtude do establecido no artigo 21.

f) Analizar as operacións de renegociación e condonación dos activos do Fonprode para a súa eventual aprobación polo Consello de Ministros, por proposta do ministerio competente en materia de débeda externa, segundo a Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa.

g) Revisar anualmente a carteira do Fonprode.

h) Examinar e, de ser o caso, aprobar as contas anuais do Fonprode, elaboradas polo ICO e auditadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. O Comité Executivo do Fonprode terá a seguinte composición:

a) Presidencia: o secretario de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica, que poderá ser substituído polo vicepresidente primeiro en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, ou polo vicepresidente segundo en caso de indispoñibilidade do anterior.

b) Vicepresidencia primeira: o secretario xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

c) Vicepresidencia segunda: o director da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

d) Vogais, todos eles con voz e voto:

1.º A persoa titular da Dirección Xeral de Política Exterior e de Seguridade do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2.º A persoa titular da Dirección Xeral de Nacións Unidas e Dereitos Humanos do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

3.º A persoa titular da Dirección de Cooperación Multilateral, Horizontal e Financeira da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento.

4.º Dous titulares de direccións da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, designados pola Presidencia da Axencia.

5.º A persoa titular da Dirección Xeral de Relacións Económicas Internacionais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

6.º A persoa titular da Dirección do Gabinete da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

7.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Gabinete da Presidencia do Goberno, designado polo seu titular.

8.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, designado polo seu titular.

9.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, designado polo seu titular.

10.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, da Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Economía e Competitividade, designado polo seu titular.

11.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, da Secretaría de Estado de Economía e Apoio á Empresa do Ministerio de Economía e Competitividade, designado polo seu titular.

12.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade, designado polo seu titular.

13.º A persoa titular da Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional do Ministerio de Economía e Competitividade.

14.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, designado polo seu titular.

15.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, designado polo seu titular.

16.º Un representante, con rango mínimo de subdirector xeral, do Instituto de Crédito Oficial, designado polo citado instituto de acordo cos seus procedementos internos.

17.º A persoa titular da Oficina do Fonprode, que actuará como secretaria.

e) Un representante da Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento (Cofides), con voz pero sen voto.

4. Salvo no caso do secretario, os membros do Comité Executivo poderán ser suplidos por un subdirector xeral ou asimilado para a súa asistencia a cada unha das sesións do Comité. Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade do secretario, designará suplente o presidente do Comité Executivo por proposta da Dirección da Oficina do Fonprode.

5. A persoa titular da Presidencia poderá convidar ás reunións, con voz pero sen voto, representantes doutros departamentos ministeriais e entidades do sector público, así como persoas expertas, se o considera conveniente, en función dos asuntos incluídos na orde do día.

6. O Comité Executivo reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez por trimestre e en extraordinaria todas as veces que considere necesarias por proposta da Presidencia do Comité Executivo.

7. O Comité Executivo poderá realizar reunións de carácter non presencial por medios electrónicos. Nas reunións de carácter non presencial, o Comité Executivo poderá someter a debate cuestións e propor a elevación de operacións a través da persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para a súa autorización por parte do Consello de Ministros ou, nos casos previstos, para a súa análise pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. Neste caso de reunións non presenciais, a suma proposta para financiar polo fondo en cada unha das operacións presentadas por vez primeira ao Comité non poderá superar os cinco millóns de euros.

Para que o Comité Executivo quede validamente constituído de forma non presencial, será necesario que os membros do Comité deixen constancia, de xeito expreso, da súa participación na dita reunión.

Cando o Comité Executivo se reúna de forma non presencial por medios electrónicos, observarase o previsto na disposición adicional primeira da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

8. O Comité Executivo poderá constituír no seu seo os grupos de traballo que considere convenientes para o bo desenvolvemento das súas actividades.

9. En todo o non previsto no presente regulamento, o Comité Executivo rexerese polo disposto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e especialmente polo establecido nos seus artigos 26 e 27.1.

Artigo 8. *A Compañía Española de Financiamento do Desenvolvemento (Cofides).*

1. De conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación contará co apoio da Cofides, que ademais terá a consideración de experto independente para efectos do disposto no artigo 2 da citada lei.

2. O apoio que a Cofides prestará aos órganos de xestión do Fonprode está relacionado coas operacións de cooperación reembolsable recollidas no artigo 3.e), f), g) e h).

3. As funcións de apoio que prestará a Cofides á Oficina do Fonprode serán:

a) Prestar apoio á Oficina do Fonprode na identificación das operacións financiáveis.
b) Elaborar as análises requiridas de dilixencia debida nos ámbitos financeiro, legal e de desenvolvemento que valoren que a entidade intermediaria financiada ten a experiencia requirida, cumpre cos requisitos sociais e ambientais descritos no Código de financiamento responsable e ten claramente definida a estratexia de saída dos seus investimentos, no caso de se tratar de operacións de adquisición de participacións de capital.

c) Prestar apoio na elaboración dos documentos correspondentes á proposta de operacións ao Comité Executivo do Fonprode, incluíndo o informe de valoración previa de impacto en desenvolvemento e o informe de impacto en déficit público, aos cales fan referencia os artigos 12 e 13.

d) Na súa función como experto independente, elaborar, por petición da Oficina do Fonprode, a análise de riscos, de estratexia de saída e sustentabilidade da débeda á cal fai referencia o artigo 15.

e) Prestar apoio na formulación dos contratos, convenios e acordos que formalicen as operacións aprobadas polo Comité Executivo.

f) Participar nos órganos de goberno das entidades participadas con cargo ao fondo sen carácter representativo.

g) Participar nas reunións de grupos de acredores, sen carácter representativo, seguindo as instrucións do Ministerio de Economía e Competitividade.

h) Comprobar que se dan as condicións para autorizar os pagamentos de acordo cos termos do convenio de crédito.

i) Realizar o seguimento das saídas e entradas de recursos que se realicen con cargo ao fondo, co obxecto de garantir que se axustan aos conceptos polos que se producen e se acollen ao estipulado na documentación legal de cada operación, así como dispor periodicamente dos saldos vivos das distintas carteiras que compoñen o Fonprode.

j) Analizar os correspondentes informes de seguimento elaborados polas entidades asociadas ás operacións.

k) Realizar os informes semestrais de seguimento do Fonprode e das súas operacións, utilizando a metodoloxía de xestión para resultados para o desenvolvemento da cooperación española e incluíndo a análise de desempeño das institucións e entidades en función dos acordos e convenios establecidos.

l) Prestar apoio na preparación da programación operativa anual do Fonprode.

m) Prestar apoio na elaboración do plan de avaliación do Fonprode e nos seus informes anuais.

n) Prestar apoio na preparación do informe anual a que se refire o artigo 12 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

o) Facilitarlle á Oficina do Fonprode e á Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento a información necesaria para cubrir as necesidades de información cuantitativa ou cualitativa xurdidas dos requirimentos internacionais, como poden ser o informe ao CAD ou outros compromisos subscritos para a mellora da transparencia, como o informe á Iniciativa Internacional para a Transparencia da Axuda (IATI, nas súas siglas en inglés).

p) Prestar apoio en aspectos metodolóxicos, preparación de informes, notas, estudos e outras cuestións de interese do Fonprode que estean directamente relacionadas coas tarefas asignadas á Cofides de apoio na identificación, na formalización e no seguimento das operacións de cooperación financeira reembolsable do Fonprode, así como das operacións herdadas de anteriores fondos de carácter reembolsable.

4. O financiamento das actuacións referidas neste artigo realizarase con cargo ao Fonprode, en virtude do establecido no artigo 2.4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, e 5 deste regulamento. As contraprestacións polos traballos que se encarguen ás entidades de apoio do Fonprode gardarán proporción razoable co custo dos traballos realizados e a súa valoración de mercado ou coas tarifas aprobadas, de ser o caso.

Artigo 9. *Axente financeiro do Fonprode.*

1. De conformidade co previsto no artigo 14 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, o ICO prestará, en xeral, todos os servizos de carácter financeiro relativos ás operacións autorizadas con cargo ao Fonprode, entre as cales se inclúen os servizos de instrumentación técnica, contabilidade, caixa, axente pagador, control, cobramento, sen prexuízo das competencias que en materia de control establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais normativa legal vixente.

2. De acordo co disposto no artigo 14 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, o ICO formalizará, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, a correspondente documentación legal para subscribir cos beneficiarios, coa excepción dos acordos con organismos multilaterais, e realizará os labores de formalización e, se é o

caso, de cancelación, logo de aprobación polo Comité Executivo do Fonprode dos correspondentes convenios de financiamento.

3. O ICO realizará o seguimento financeiro e o control dos cobramentos e das posibles incidencias neles, así como a reclamación das cantidades impagadas. Igualmente, poderá participar en grupos de acredores en calidade de experto independente para os efectos do disposto no artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, e asesorar os representantes da Oficina de Fonprode.

4. O ICO poderá asinar acordos bilaterais de renegociación e condonación dos activos do Fonprode, seguindo as instrucións do ministerio competente en materia de débeda externa segundo a Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa, en aplicación dos acordos do Consello de Ministros ao respecto.

5. Os órganos responsables da xestión do Fonprode poderán proporlle ao ICO ou á CESCE informes sobre a aseguranza, a cobertura de riscos e as garantías das operacións, así como outras actividades de apoio en relación coas operacións de cooperación reembolsable previstas nos artigos 3.1.e), f), g) e h) só nos casos en que a Cofides manifeste de forma expresa a súa imposibilidade para desenvolver en por si a encarga de que se trate. Para a realización desas actividades, no caso mencionado anteriormente, o ICO terá a consideración de experto independente para os efectos do disposto no artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

6. Anualmente compensarase o ICO polos gastos en que incorra no desenvolvemento e na execución das súas funcións en relación co Fonprode, conforme o establecido no artigo 14 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

Artigo 10. *Outros actores e coordinación de actividades.*

1. Para facilitar previamente a coherencia das actividades relacionadas co fondo dos distintos axentes da cooperación, estes coordinaranse cos demais actores da cooperación española mediante o uso reforzado dos mecanismos e órganos previstos para tal efecto pola Lei 23/1998, do 7 de xullo, así como a través do Comité Executivo do Fonprode.

2. De acordo co establecido no artigo 2.6 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, a Comisión Interministerial de Cooperación Internacional efectuará a coordinación co Ministerio de Economía e Competitividade e outros departamentos ministeriais con competencias na materia dentro da Administración xeral do Estado.

3. O informe recollido no artigo 12 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, trasladarase á Comisión Interministerial de Cooperación Internacional para o seu coñecemento.

CAPÍTULO IV

Procedementos de xestión das operacións do Fonprode

Artigo 11. *Identificación de operacións.*

1. Serán operacións elixibles as que cumpran os requisitos recollidos nos artigos 2 e 3, así como o establecido nos artigos 2, 3 e 5.1 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

2. Previamente á identificación dunha acción, a Oficina do Fonprode levará a cabo unha selección de posibles operacións que se deben identificar, tanto desde o punto de vista xeográfico como sectorial. Para levar a cabo este proceso, a Oficina do Fonprode consultará as unidades da AECID afectadas e a SECIPI. Neste proceso consultarase a unidade competente en materia de débeda externa, segundo a Lei 38/2006, do 7 de decembro, reguladora da xestión da débeda externa. Logo deste proceso, a Oficina elaborará unha listaxe de operacións para identificar, incluíndo unha previsión de misións de identificación que se realizarán ao longo do ano seguinte.

3. O proceso de identificación dunha acción iniciarase por instancia da Oficina do Fonprode, con base nas previsións realizadas. Así mesmo, en virtude dos artigos 2.3.c) e 4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, a SECIPI poderá encargar con cargo ao Fonprode, por propia iniciativa ou por proposta doutros órganos e unidades, a realización de asistencias

técnicas e estudos de viabilidade co propósito de identificar operacións susceptibles de seren financiadas con cargo ao Fonprode, que deberán ser autorizadas polo Comité Executivo.

4. A identificación das operacións realizaraa o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da SECIPI e da AECID, así como a Cofides. Para a identificación das operacións contarán co apoio das oficinas técnicas de cooperación e, se se considera necesario, tamén cos organismos multilaterais que operen nos sectores ou países identificados como prioritarios no Plan director da cooperación española. A Cofides poderá requirir o apoio das oficinas económicas e comerciais no exterior segundo o procedemento que acorden a AECID e a Dirección Xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Economía e Competitividade. Cando a identificación involucre institucións financeiras internacionais, a identificación levarase a cabo conxuntamente coa Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional do Ministerio de Economía e Competitividade.

5. Durante o último trimestre de cada ano, a Oficina do Fonprode elaborará o catálogo a que se refire o artigo 6 da Lei 36/2010, do 22 de outubro. Este catálogo recollerá as operacións que se prevén elevar ao Comité Executivo e, posteriormente, ao Consello de Ministros durante o ano seguinte. En concreto, o catálogo comporase dos seguintes documentos:

- a) A listaxe de operacións que se deben identificar mencionada no número 2.
- b) Unha clasificación das operacións, incluíndo as xa identificadas, para financiar con cargo ao Fonprode, cuxa elevación ao Comité Executivo do Fonprode se prevé realizar ao longo do ano seguinte, clasificadas por tipo de operación e zona xeográfica.
- c) Unha priorización das operacións previstas no catálogo establecida pola SECIPI.

Artigo 12. *Valoración previa do impacto en desenvolvemento.*

1. As operacións previstas nas alíneas e), f), g) e h) do artigo 3.1 deberán someter a unha análise *ex ante* do impacto en desenvolvemento, elaborada pola Oficina do Fonprode, con carácter previo á súa remisión ao Comité Executivo. En relación co resto de operacións previstas no artigo 3.1, esa análise será realizada pola unidade da AECID correspondente en función das súas competencias.

2. A análise *ex ante* do impacto en desenvolvemento realizarase baseándose en catro elementos: o desempeño social, de xénero e ambiental; a achega da operación ao cumprimento dos obxectivos da cooperación española; a súa viabilidade financeira e o impacto en desenvolvemento adicional que supón a participación da cooperación española na operación:

a) Para analizar o impacto en desenvolvemento adicional que achega a cooperación española á operación, valorarase se o impacto en desenvolvemento da operación sería similar no caso de que a cooperación española non participase nela.

b) Para a análise do desempeño social, de xénero e ambiental, valorarase as prácticas de negocio e clasificarase a operación de acordo cos estándares internacionalmente adoptados para a categorización de riscos sociais e ambientais. Cando se considere que as operacións puideren comportar externalidades sociais, de xénero ou ambientais negativas, incluíranse medidas de mitigación necesarias para afrontalas, tendo en conta a análise de risco definida no artigo 15.

c) Para valorar a contribución da operación á consecución dos obxectivos estratéxicos da cooperación española, analizarase a coherencia cos obxectivos marcados polo Plan director e demais documentos de planificación da cooperación española, incluíndo os acordos internacionais sobre eficacia da axuda vixentes en cada momento, así como cos documentos técnicos e de programación aprobados pola AECID que resulten aplicables.

d) A viabilidade financeira da operación requirirá a identificación e o tratamento adecuado dos distintos riscos. Tendo en conta o país de destino e o tipo de operación, analizarase se a proposta cumpre os criterios de:

1.º Diversificación de riscos, tanto desde a óptica do proxecto ou proxectos que se van financiar como pola súa contribución ao grao de diversificación do conxunto da carteira reembolsable do Fonprode.

2.º Repartición de riscos, mediante a participación doutros provedores de fondos.

3.º Mitigación de riscos, a través de garantías, estratexias de saída ou outros mecanismos que limiten o risco en que incorre o Fonprode.

3. Os órganos de xestión do Fonprode poderán encargar actuacións relacionadas con este labor a expertos independentes distintos da Cofides, unicamente cando resulte necesaria unha segunda opinión independente da que a Cofides emitise para un caso concreto ou naqueles casos en que a Cofides manifeste de forma expresa a súa imposibilidade para desenvolver en por si a encarga de que se trate.

Artigo 13. *Elaboración de informes sobre impacto en déficit das operacións.*

A todas as operacións que se pretendan financiar con cargo ao Fonprode deberá xuntárselles un informe sobre o impacto no déficit público español das operacións, que deberá ser analizado polo Comité Executivo. Estes informes serán elaborados pola Intervención Xeral da Administración do Estado nun prazo de quince días hábiles desde a recepción da mencionada solicitude e poderán incluír unha valoración da rendibilidade global da carteira do Fonprode. No caso de que a Intervención Xeral da Administración do Estado precise de información adicional para a elaboración do seu informe, requirirase no prazo de sete días hábiles desde a recepción da citada solicitude e suspenderase o prazo de quince días hábiles anteriormente mencionado ata a recepción da información solicitada.

Artigo 14. *Condicións financeiras.*

As condicións do financiamento reembolsable proporallas, caso por caso, a Oficina do Fonprode ao Comité Executivo, asegurando o cumprimento dos criterios para seren computadas como axuda oficial ao desenvolvemento aténdose en todo caso aos seguintes criterios para evitar o sobreendebemento dos beneficiarios e impulsar a responsabilidade do debedor:

a) No caso de financiamento a Estados ou sector público, as condicións do financiamento reembolsable deben definirse de forma que se axusten ao elemento mínimo de concesionalidade que recomentan as institucións financeiras internacionais e o CAD da OCDE.

b) O importe do crédito non poderá ascender ao 100 % do financiamento dun proxecto.

c) O financiamento deberá estar denominado en euros ou en calquera outra moeda admitida a cotización polo Banco Central Europeo.

d) O prazo de devolución e os períodos de carencia que de ser o caso se propoñan deben establecerse de xeito que impulsen a responsabilidade do debedor.

e) O financiamento reembolsable debe presentar garantías suficientes. No caso das liñas de crédito ou préstamos, cando o beneficiario sexa un Estado, deberá achegar a garantía soberana ao financiamento e, no caso de ser Administración pública rexional ou local ou entidades do sector público, as garantías achegadas deben contar coa no obxección por parte do ministerio responsable do endebemento no país. Para as operacións dos artigos 3.1.f) e h), as institucións de investimento colectivo ou outras entidades públicas, as institucións privadas de investimento colectivo, as entidades privadas de capital risco ou, de ser o caso, as sociedades de propósito específico deberán

contar con capacidade suficiente para valorar e xestionar os riscos asumidos, ademais de subministrar información periódica sobre a situación dos investimentos do Fonprode.

Artigo 15. *Análise de risco, estratexias de saída e impacto sobre a sustentabilidade da débeda.*

1. Con carácter previo ao estudo do Comité Executivo do Fonprode das propostas de operacións a que fai referencia o artigo 3.1.e), f), g) e h), a Cofides deberá realizar unha análise de risco, na súa función de experto independente. Os órganos de xestión do Fonprode poderán encargar actuacións relacionadas con este labor a expertos independentes distintos da Cofides unicamente cando resulte necesaria unha segunda opinión independente da que a Cofides emitise para un caso concreto ou naqueles casos en que a Cofides manfeste de forma expresa a súa imposibilidade para desenvolver en por si a encarga de que se trate. Esta análise incluírá en todo caso os riscos financeiros da operación, así como outros riscos en función do tipo de operación. Deberá ademais conter as garantías e outros posibles mecanismos de mitigación do risco. No caso das operacións de investimento, definirá unha estratexia de saída. Naquelas operacións en que se requira achega de garantía soberana ou o endebedamento do sector público, esta análise recollerá ademais o impacto sobre a sustentabilidade da débeda no país receptor, a aliñación coas estratexias de desenvolvemento e coas políticas de endebedamento deseñadas polo país e as recomendacións para a prevención do sobreendebedamento emitidas polas institucións financeiras internacionais.

2. As análises relativas ás operacións recollidas no artigo 3.1 e) e g) serán remitidas á Dirección Xeral do Tesouro do Ministerio de Economía e Competitividade para a súa valoración. As análises relativas ás operacións recollidas no artigo 3.1 e), f), g) e h) serán remitidas ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa valoración. En ambos os casos, contarán cun prazo de dez días hábiles desde a súa recepción para realizar unha valoración deles. En caso de que eses órganos requiran maior información para poder emitir a súa valoración, solicitaranlla á Oficina do Fonprode no prazo de cinco días hábiles desde a recepción do informe e suspenderase o prazo de dez días anteriormente mencionado ata que a información solicitada sexa trasladada ao órgano competente para realizar a valoración.

Artigo 16. *Tramitación de propostas de financiamento.*

1. As propostas de financiamento dos artigos 3.1 e 4 que valorará o Comité Executivo serán remitidas ao dito comité pola Oficina do Fonprode. No caso das operacións recollidas no artigo 3.1.d), as propostas elevaranas á Secretaría do Comité de forma conxunta o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e o Ministerio de Economía e Competitividade.

2. O secretario do Comité Executivo do Fonprode distribuirá aos membros do Comité Executivo toda a información relativa ás operacións propostas, de acordo co indicado no número anterior, cunha antelación mínima de sete días hábiles antes da reunión. Estas propostas estarán integradas, no caso de operacións recollidas nas alíneas e), f), g) e h) do artigo 3.1, pola seguinte documentación:

- a) Documento de proposta de operación.
- b) Informe de valoración previa do impacto en desenvolvemento, recollido no artigo 12;
- c) Informe sobre impacto en déficit público das operacións, recollido no artigo 13;
- d) Informe da análise de riscos, das estratexias de saída e do impacto sobre a sustentabilidade da débeda, xunto coas correspondentes valoracións, segundo o recollido no artigo 15,

3. O Comité poderá propor a elevación das propostas de financiamento, de acordo coa normativa vixente do fondo, ou devolver unha proposta recibida, no caso de que entenda que é necesaria máis información. Neste último caso, a proposta poderase presentar novamente ante o Comité, coa nova información e os argumentos que dean

resposta ao formulado no comité, pero non será necesario remitir de novo os informes a que se refiren os artigos anteriores que xa se distribuísen.

4. O rexeitamento por parte do Comité dunha proposta non impide que esa proposta poida ser presentada máis adiante se as circunstancias que sustentaron o seu rexeitamento mudaron.

5. As operacións que se encadren nos tipos recollidos nas alíneas 1.f), g) e h) do artigo 3 deberanas elevar de maneira conxunta o Ministerio de Asuntos Exteriores e o Ministerio de Economía e Competitividade para someterse á valoración por parte da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos nos termos recollidos no artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, antes de ser elevadas para a súa aprobación ao Consello de Ministros. Así mesmo, deberanse someter a este trámite as operacións recollidas no artigo 3.1.e) para países HIPC que alcanzasen o punto de culminación desa iniciativa, nos termos descritos no mencionado artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

6. A elevación ao Consello de Ministros da solicitude de autorización para operacións financiadas polo Fonprode correspóndelle ao ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, nos termos recollidos na Lei 36/2010, do 22 de outubro. Terase en conta que, no caso das operacións do artigo 3.1. e), f), g) e h), só poderán ser elevadas para a súa aprobación ao Consello de Ministros, logo da análise por parte da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos. A AECID, co apoio da Oficina do Fonprode, remitirá á SECIPI os expedientes correspondentes a cada unha das operacións que se van elevar ao Consello de Ministros. Estes expedientes comprenderán toda a documentación facilitada ao Comité Executivo do Fonprode, así como o certificado emitido polo secretario do dito comité en que conste a decisión tomada por este órgano.

Artigo 17. Subscrición dos convenios, acordos de financiamento e demais documentación legal cos beneficiarios.

1. A subscrición dos convenios, acordos de financiamento e demais documentación legal cos beneficiarios farase de acordo cos artigos 10, 11 e 14 da Lei 36/2010, do 22 de outubro. Con base nisto, os órganos competentes para esa subscrición son:

- a) O Instituto de Crédito Oficial, en nome e representación do Goberno español e por conta do Estado, en todos os casos excepto nos dos supostos seguintes: b e c.
- b) O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional, cando se trate dunha operación prevista no artigo 3.1.b).
- c) O gobernador ou gobernadora por España na institución financeira internacional correspondente, conxuntamente coa SECIPI, cando se trate dunha operación prevista no artigo 3.1.d).

2. Nos convenios de financiamento en que se formalicen as axudas con cargo ao Fonprode establecerase a obriga de que nos procedementos de adxudicación das operacións relacionadas no artigo 3.1.a) e, de ser o caso, no 3.1.e), f), g) e h) se vele polo cumprimento das convencións internacionais subscritas por España e das seguintes condicións que se deberán especificar na adxudicación dos proxectos financiados:

- a) Respecto da entidade executora polas normas e directrices en materia de dereitos humanos, de responsabilidade social corporativa e das normas internacionais da Organización Internacional do Traballo ratificadas por España.
- b) Respecto ao catálogo anticorrupción da OCDE.
- c) Garantía dos principios de transparencia, competencia e publicidade, mediante licitación pública.

3. En caso de incumprimento das condicións previstas no convenio de financiamento, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación poderá anular ou revogar e deixar sen efecto as operacións de concesión de financiamento. Os convenios de financiamento

fixarán as consecuencias que deriven dos incumprimentos das persoas físicas ou xurídicas que resulten beneficiarias destes instrumentos de financiamento da cooperación española.

4. As condicións financeiras dos créditos e préstamos concesionais do artigo 3.1.e) axustaranse ao marco normativo internacional.

5. En caso de que a valoración de impacto en desenvolvemento das operacións recollidas no artigo 3.1.a), e) e g) o aconselle, o convenio ou acordo polo que se formalice a operación poderá establecer obrigas para unha ou ambas as partes, co obxecto de garantir un impacto social, de xénero ou ambiental positivo e mitigar o risco de impacto negativo.

6. En todos os convenios establecerase igualmente a obriga de que a entidade executora respecte as normas e directrices en materia de dereitos humanos, igualdade de xénero, responsabilidade social corporativa, normas internacionais da Organización Internacional do Traballo ratificadas por España, así como o Convenio para combater a corrupción de axentes públicos estranxeiros nas transaccións económicas internacionais. Os mencionados convenios de financiamento preverán a posibilidade de que o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación anule ou revogue e deixe sen efecto as operacións de concesión de financiamento con cargo ao Fonprode nas cales se produza un incumprimento das condicións previstas neles. Así mesmo, establecerase a obriga de que a entidade executora respecte os estándares recollidos no Código de financiamento responsable da cooperación española.

Artigo 18. Obrigas relativas ás adquisicións temporais de accións ou participacións directas de capital ou cuasi capital en institucións de investimento colectivo ou outras entidades de dereito público ou privado.

1. A Oficina do Fonprode deberá asegurar que o beneficiario das operacións recollidas no artigo 3.1.f) e h) cumpre coas medidas e cos criterios recollidos no Código de financiamento responsable da cooperación española, conforme establece o artigo 2.2.

2. Os órganos xestores do Fonprode a que se refire o capítulo III do presente regulamento deberán xestionar as operacións recollidas no número 1 anterior, de acordo coa metodoloxía de xestión para resultados de desenvolvemento específica en materia de cooperación financeira reembolsable.

3. O Código de financiamento responsable xunto coa metodoloxía de xestión para resultados de desenvolvemento a que se refiren os números anteriores servirán para realizar a valoración previa de impacto en desenvolvemento recollida no artigo 12 do presente regulamento.

4. A Oficina do Fonprode deberá comprobar que o intermediario financeiro ten a experiencia requirida e cumpre cos requisitos sociais e ambientais descritos no Código de financiamento responsable ao mesmo tempo que se respecta a responsabilidade delegada, característica deste tipo de investimentos.

5. Nas operacións recollidas no artigo 3.1.f) e h), os convenios ou acordos de formalización da operación exixiranlle ao intermediario financeiro:

- a) Un sistema de xestión de riscos sociais, de xénero e ambientais, de ser o caso,
- b) A subscrición da lista de exclusións da Corporación Financeira Internacional (CFI) e de estándares de desempeño social, de xénero e ambiental internacionalmente aceptadas e
- c) A aplicación dos estándares sociais e ambientais recoñecidos e aceptados internacionalmente, mentres estean vixentes, respecto do efecto das operacións nos catro ámbitos seguintes: ambiente (principios de precaución e prevención ambiental, avaliación do impacto ambiental e sistema de xestión ambiental), dereitos humanos e laborais (seguridade e hixiene no traballo, salario digno, igualdade de oportunidades e non discriminación), relacións coa comunidade e desenvolvemento (avaliación e xestión de impactos na comunidade, pagamento de impostos, paraísos fiscais, creación de emprego, contratación local, proporción de directivos locais, acción social, xeración de riqueza e ingresos, compras a provedores locais) e medidas contra a corrupción e o suborno

(compromiso contra a corrupción e pola transparencia). Aínda que non se limitan a iso, estes estándares inclúen:

1.º As políticas de salvagarda do Banco Mundial e a política e normas de desempeño revisadas da CFI. Estas normas inclúen cuestións transversais referidas ao cambio climático, á conservación da biodiversidade e aos recursos naturais, á participación das comunidades, á protección dos dereitos humanos e á equidade de xénero.

2.º As normas fundamentais de traballo da Organización Internacional do Traballo (OIT).

3.º As directrices da OCDE para empresas multinacionais, como estándar fundamental para a prevención da corrupción e do branqueo de capital.

4.º Os principios das Nacións Unidas de investimento responsable (PRI) e o traballo do representante especial do secretario xeral de Nacións Unidas sobre a cuestión de dereitos humanos e empresas transnacionais e outras empresas comerciais.

d) Unha estratexia de saída en que se recolla o proceso de desinvestimento.

Artigo 19. *Execución de proxectos por unha entidade distinta do beneficiario.*

Cando as operacións financiadas con cargo ao Fonprode a que se refire o artigo 5 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, e, de ser o caso, o artigo 3.1.a), e), f), g) e h) do presente regulamento comporten a necesidade de executar un determinado proxecto ou programa a través dunha entidade distinta do beneficiario, a adxudicación levaraa a cabo a entidade receptora dos fondos conforme a normativa que lle sexa de aplicación, considerando, en todo caso, a normativa local e dándolle conta diso ao Comité Executivo.

En tales casos, nos convenios e demais documentación legal que formalicen as operacións co receptor, establecerase a obriga de que nos procedementos de adxudicación a que se refire o número anterior se vele polo cumprimento das convencións internacionais subscribas por España, así como pola garantía dos principios de transparencia, competencia e publicidade a través de licitación pública. A Oficina do Fonprode velará por que se cumpran tales condicións.

Artigo 20. *Seguimento das operacións.*

1. A Oficina do Fonprode levará a cabo o seguimento dos proxectos e operacións financiados con cargo ao Fonprode. Para tal fin, nos convenios, acordos e demais documentación legal que se subscriba cos destinatarios dos fondos co fin de formalizar as operacións, estableceranse as obrigas de información que se consideren convenientes para o mellor seguimento destas.

2. O seguimento das operacións comportará, entre outras, as seguintes actuacións:

a) A recepción, o estudo, a valoración, a aprobación e o arquivamento das programacións operativas, dos informes intermedios e finais e calquera outra documentación relativa á execución das contribucións con cargo ao Fonprode.

b) A recepción, o estudo, a valoración e resolución de calquera solicitude de modificación que non afecte as condicións aprobadas polo Comité Executivo e polo Consello de Ministros. No caso en que as ditas modificacións afecten as condicións aprobadas no Comité Executivo e no Consello de Ministros, elevaranse de novo para a súa toma en consideración.

c) En coordinación coas representacións permanentes de España ante os organismos internacionais de desenvolvemento, e co gobernador ou gobernadora por España ante as organizacións financeiras internacionais, así como con outras instancias competentes, se é o caso, a comunicación cos beneficiarios e a preparación e participación nas comisións e comités de seguimento das contribucións, tanto no ámbito bilateral como no multilateral.

d) A elaboración dos informes de seguimento e valoración das contribucións, especialmente no relativo ao impacto en desenvolvemento das operacións e á súa

coherencia cos obxectivos recollidos nos documentos de planificación da cooperación española.

3. Para o desenvolvemento das súas funcións, a Oficina do Fonprode manterá informadas e contará co apoio dos órganos competentes, en particular, das direccións da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, das embaixadas de España e oficinas técnicas de cooperación, da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e da representación permanente de España ante os organismos internacionais de desenvolvemento.

Artigo 21. *Avaliación.*

1. A Oficina do Fonprode e a Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento definirán, conxuntamente e con carácter bienal, un plan no cal se recollan as avaliacións que se van realizar durante o dito período, así como os termos de referencia de cada avaliación. Habilítase o Comité Executivo para proporlle así mesmo á Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento a realización de avaliacións. Do resultado das avaliacións que a Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento decida realizar, darase coñecemento ao Comité Executivo do Fonprode antes de facerse público.

2. A avaliación realizarase seguindo os criterios marcados polo correspondente Plan director da cooperación española e polo resto de documentos en materia de avaliación da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento.

3. Os custos necesarios para a realización das avaliacións poderanse financiar con cargo ao Fonprode, en virtude do establecido no artigo 2.4 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

CAPÍTULO V

Funcións do Consello de Cooperación. Comunicación e publicidade

Artigo 22. *Funcións do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento en relación co Fonprode.*

O Consello de Cooperación ao Desenvolvemento, como órgano consultivo en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento e sen prexuízo das funcións que lle sexan atribuídas pola normativa que lle sexa de aplicación:

- a) Emitirá informe sobre as posibles modificacións do Código de financiamento responsable con carácter previo á súa aprobación polo Comité Executivo.
- b) Será consultado durante a elaboración do Plan bienal de avaliación previsto no artigo 21.
- c) Será informado dos resultados das avaliacións que se leven a cabo sobre o Fonprode, antes de se faceren públicos.
- d) Valorará o informe anual mencionado no artigo 12 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, e poderá acordar o seu traslado a outras institucións sociais afectadas.
- e) Será informado das propostas de modificación ou actualización da metodoloxía de xestión para resultados de desenvolvemento da cooperación instrumentalizada a través do Fonprode.
- f) Será informado da programación operativa do Fonprode a que fai referencia o artigo 8.3 da Lei 36/2010, do 22 de outubro.

Artigo 23. *Comunicación e publicidade.*

1. A Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento fará público a través das súas memorias, das páxinas web de cooperación española ou de calquera outro medio que considere conveniente, a seguinte información:

- a) O Código de financiamento responsable.
- b) As operacións financiadas no ano en curso.
- c) O seguimento dos resultados de desenvolvemento establecidos para as operacións financiadas unha vez que se dispoña de información sobre eles.
- d) Os resultados das avaliacións realizadas sobre o Fonprode e os informes resultantes das asistencias técnicas e consultorías financiadas con cargo ao Fonprode recollidos no artigo 3.1.c), salvo naqueles casos en que o Comité Executivo autorice expresamente a non publicidade deste, en especial cando os resultados deses traballos se refiran á identificación de posibles operacións do Fonprode ou a materias obxecto de acordos de confidencialidade entre partes.
- e) O informe anual a que se refire o artigo 12 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, e os ditames sobre este que emitan, se é o caso, as comisións de cooperación internacional para o desenvolvemento do Congreso dos Deputados e do Senado.

2. A Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento fará públicos a través do seu portal Cooperación Española os resultados das asistencias técnicas e das avaliacións realizadas sobre o Fonprode.